



PRESENTACIÓN

Obxectivos e programas

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014.

Na súa primeira parte analízase as características dos Fondos europeos do próximo período 2014-2020 e a coherencia entre os Obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2010-2014 horizonte 2020 e os Obxectivos Temáticos da Estratexia Europa 2020.

Recóllese así mesmo a inserción da política rexional de cohesión da UE 2007-2013 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2014, mediante as anualidades do FEDER e FSE en relación coa consideración de Galicia como rexión española receptora de fondos estruturais no Obxectivo Converxencia, así como as relacionadas co Obxectivo de Cooperación Territorial Europea. Coa mesma finalidade expóñense as políticas sectoriais 2007-2013 da UE para o medio rural e a pesca, a través das anualidades 2014 do FEADER e do FEP respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades de gasto estratéxico poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

